



DATOS IDENTIFICATIVOS

Segundo Idioma Estranxeiro I: Francés

Materia	Segundo Idioma Estranxeiro I: Francés			
Código	V01G180V01106			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1º	1c
Lingua de impartición	Francés			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Arman Lomba, Luisa Alonso de Soto, Ines			
Profesorado	Solla Gonzalez, Amparo			
Correo-e	arman@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Iniciación á lingua francesa dende unha perspectiva accional que considera o aprendiz coma un actor social que ten que realizar tarefas non só lingüísticas, senón tamén desenvolver habilidades escritas e orais en contextos culturais e sociais. Preténdese atinxir un nivel A1 consolidado ao final do curso.			

Competencias de titulación

Código	Descrición
A1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz
A5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios
A6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao
A7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos
A10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao
B3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
- Desenvolver o sentido de conciencia lingüística da lingua francesa como un sistema, dos seus mecanismos e das súas formas de expresión.	A1
- Mostrar a capacidade de contrastar aspectos da civilización propios dos países francófonos.	A1 A10 B3
- Sentar as bases para desenvolver a comprensión e expresión oral e a correcta expresión gramatical en lingua francesa.	A1 A7 A10

- Desenvolver as nocións gramaticais básicas da lingua francesa e ampliar eses coñecementos a estruturas máis complexas. A5
A6

Contidos

Tema	
Théorie	Pratique
☐ Tema 1 : Les sons du français. Traits phonétiques distinctifs (sonorité, nasalité...).	☐ Présentations, formules de politesse.- Goûts et préférences.- Divertissements et spectacles.
☐ Tema 2 : La conjugaison.- Demander et donner une information. Se situer dans l'espace et dans le temps. L'accord et le désaccord.	☐ La famille et ses activités.
☐ Tema 3 : Verbes et prépositions.-	☐ Rédiger une lettre, décrire des personnes. Au restaurant
☐ Tema 4 : L'interrogation et la négation.-	☐ La vie dans l'entreprise. Le téléphone et les TICs. Programmes européens.
☐ Tema 5 : Les pronoms personnels.-	☐ Le système éducatif. La mode.
☐ Tema 6 : Les relatifs et les interrogatifs.-	☐ Paris. La presse. Se loger.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	26	26	52
Resolución de problemas e/ou exercicios	9	9	18
Presentacións/exposicións	6	12	18
Debates	3	3	6
Traballos de aula	7	7	14
Probas prácticas, de execución. Probas de execución 2 de tarefas reais e/ou simuladas.		4	6
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	8	12
Outras	6	18	24

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Presentación e explicación do contido lingüístico e cultural tratados no curso.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realización de exercicios baseados nos contidos teóricos.
Presentacións/exposicións	Presentacións orais sobre temas tratados na sección de vocabulario.
Debates	Prácticas orais e diálogos a partir de temas vistos na clase.
Traballos de aula	Traballos sobre os contidos teóricos do curso.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Os problemas e exercicios que se realicen serán corrixidos individualmente ou baixo a supervisión e consulta do profesorado na aula.
Probas	Descrición
Probas prácticas, de execución. Probas de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Os problemas e exercicios que se realicen serán corrixidos individualmente ou baixo a supervisión e consulta do profesorado na aula.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Probas de coñecemento sobre os contidos do curso.	10%
Presentacións/exposicións	Presentacións sobre temas tratados nos contidos do curso.	20%
Probas prácticas, de execución. Probas de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Probas prácticas sobre o coñecemento e uso da lingua francesa: audición e comprensión, vocabulario e expresión oral.	20%
Outras	Proba final sobre os coñecementos adquiridos durante o curso.	50%

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para aprobar a materia, será necesario superar cada unha das probas; un suspenso nunha delas implica un suspenso na materia . As probas non entregadas ou as que o alumnado non entregue por non asistir á clase contarán como un cero. En caso de plaxio a nota será de suspenso.

Os traballos encargados pola profesora deben entregarse nos prazos marcados, non se aceptarán aqueles entregados fóra de prazo.

O alumnado que non asista á clase fará a proba final que contará o 100 % da nota, contabilizando o 50 % para a parte teórica e o 50 % para a parte práctica.

Convocatoria extraordinaria:

O estudiantado que se presente a esta convocatoria fará unha proba final que constará dunha parte teórica e outra práctica cun valor do 50% cada unha.

Bibliografía. Fontes de información

Libros

Latitudes 1. Niveau A1/ A2.- Méthode de français Mérieux 6 Loiseau Didier 2008.

Nouvelle grammaire du français. Delatour & alii Hachette.

L'exercisier. Descotes-Genon et alii Pug, 2005.

Vocabulaire progressif du français. Débutant Miquel, C. Clé International 2003.

Activités pour le Cadre Commun. Niveau A1 Parizet, M.-L. et alii Clé International 2005.

Phonétique progressive du français.- Niveau intermédiaire. Clé International.

Recursos electrónicos

<http://phonetique.free.fr/>

<http://www.articuler.com/>

<http://www.francaisfacile.com/exercices/>

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Segundo Idioma Estranxeiro II: Francés/V01G180V01205

Outros comentarios

Recoméndase o estudo constante e continuado da materia, a lectura das explicacións dadas na clase, a realización dos exercicios prácticos e a autocorrección.
